

INFORME 8 DE MARZO | 2026
A SITUACIÓN DAS MULLERES NO EIDO LABORAL

UNIÓN DE CORUÑA E CEE



SECRETARÍA DE IGUALDADE
UGT – GALICIA


CONCELLO DA CORUÑA

Censo de poboación e vivendas. Traballo.

O Censo de poboación e vivendas. Traballo. ofrece datos da poboación de 16 anos ou máis anos por sexo e relación ca actividade a nivel municipal. Son datos pechados do ano 2023, últimos datos dispoñibles, e de recente publicación, última actualización en decembro de 2025.


No concello da Coruña, e nos seis restantes, os homes teñen maior taxa de actividade que as mulleres. A incorporación das mulleres ao mercado de traballo é moi inferior á dos homes. A muller amosa máis dificultades para incorporarse e manterse no mercado de traballo.

Taxa de actividade. 7 grandes concellos de Galicia. Elaboración propia a partir datos do Censo de poboación e vivendas. 2023




No concello da Coruña, e nos seis restantes, os homes teñen maior taxa de emprego que as mulleres. As oportunidades de emprego das mulleres no mercado de traballo son moi inferiores ás dos homes. Tan só 44,9 mulleres de cada 100 en idade de traballar no concello están ocupadas, fronte a 50 de cada cen no caso dos homes.

Taxa de emprego Grandes concellos de Galicia. Elaboración propia a partir datos do Censo de poboación e vivendas. 2023




No concello da Coruña, e nos seis restantes, os homes teñen menor taxa de desemprego que as mulleres. No concello da Coruña, a taxa de desemprego das mulleres é superior á dos homes, 12,5% fronte a 10,6%, respectivamente.

Taxa de paro. Grandes concellos de Galicia. Elaboración propia a partir datos do Censo de poboación e vivendas. 2023



En todo caso, no mercado laboral dos grandes concellos, a pesar de ser máis dinámicos que outras zonas de Galicia, compróbase unha especial tendencia á inactividade. Ante a falta de perspectiva e oportunidades a poboación de 16 e máis anos, especialmente no caso das mulleres, vaise á inactividade, abandona o mercado laboral. Así, no concello da Coruña a taxa de inactividade nas mulleres é nada menos que do 48,7% fronte ao 44,1% no caso dos homes.

Taxa de inactividade. Grandes concellos de Galicia. Elaboración propia a partir datos do Censo de poboación e vivendas. 2023



Brecha Salarial

A desigualdade nas retribucións de homes e mulleres en relación a salario/hora en Galicia é do 11,5%. No concello da Coruña hai unha brecha salarial entre mulleres e homes do 16,1% no salario/hora, máis acusada que na media de Galicia e a máis elevada dos sete grandes concellos galegos.

Salario/ hora das persoas empregadas por conta allea segundo o sexo. Sete grandes concellos.
Media 2023

	Euros/hora			Brecha salarial (%) *
	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	9,8	10,4	9,2	11,5
Concello da Coruña	11,4	12,4	10,4	16,1
Concello de Ferrol	10,3	10,9	9,6	11,9
Concello de Santiago	11	11,8	10,3	12,7
Concello de Lugo	9,6	10,1	9,2	8,9
Concello de Ourense	9,8	10,1	9,5	5,9
Concello de Pontevedra	10,5	10,9	10	8,3
Concello de Vigo	11	11,4	10,6	7,0

Brecha (%) = [(Mulleres – Homes) / Homes] * 100. Se o valor é positivo, significa que a cantidade correspondente ás mulleres é inferior á dos homes, na porcentaxe expresada. Se é negativo, a interpretación é a contraria.

Fonte: Estudio sobre salarios. Salarios nos sete grandes concellos galegos. Instituto Galego de Estatística

Persoas afiliadas á Seguridade Social

No concello da Coruña hai no ano 2025 un total de 49.550 mulleres afiliadas á Seguridade Social fronte a 46.413 homes. Recuperación, no ano, do mercado laboral en ambos sexos, de xeito máis acusada nos homes que nas mulleres, 2,3% e 1,5%, respectivamente.

Segundo os datos de Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia, as mulleres do concello representan máis da metade, o 51,6%, das persoas afiliadas.

Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo concello de residencia

	2025			Variación % 2025/2024			Mulleres 2025
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	1.023.690	519.712	503.978	1,3%	1,2%	1,4%	49,2%
Coruña, A	95.963	46.413	49.550	1,9%	2,3%	1,5%	51,6%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo concello de residencia. Instituto Galego de Estatística.

Paro rexistrado

No concello o desemprego feminino é superior ao masculino; de feito, das 12.002 persoas desempregadas en 2025, 6.860, o 57,2%, son mulleres.

Paro rexistrado por sexos

	2025			Variación % 2025/2024			% Mulleres 2025
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	113.626	47.062	66.564	-7,7%	-8,3%	-7,3%	58,6%
A Coruña	12.002	5.143	6.860	-6,9%	-7,9%	-6,1%	57,2%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de paro rexistrado do Instituto Galego de Estatística I.G.E.

Contratación rexistrada

No concello rexistráronse 106.142 contratos no ano 2025, o 51,0% a mulleres. A maioría dos contratos realizados tanto homes como a mulleres foron temporais, pero hai unha mellora considerable na contratación indefinida grazas a reforma laboral do ano 2022. Así, as porcentaxes de contratación indefinida sobre o total de contratación melloran tanto nos homes como nas mulleres no conxunto de Galicia e no concello. Concretamente, no concello, a porcentaxe de contratación indefinida nas mulleres pasa do 10,2% en 2021 ao 28,8% en 2025.

En Galicia as porcentaxes de contratación indefinida tamén melloraron considerablemente no ano 2025, tanto nos homes como nas mulleres. Nas mulleres pasa do 9,3% en 2021 ao 28,9% en 2025.

Contratos rexistrados segundo xénero, modalidade e localidade do centro de traballo. Ano 2025

Total		Homes			% Mulleres			% Mulleres
		Nº	% Indefinido* 2021	% indefinido* 2025	Nº	% Indefinido* 2021	% indefinido* 2025	
Galicia	735.687	376.160	10,3%	32,3%	359.527	9,3%	28,9%	48,9%
Coruña, A	106.142	52.037	10,9%	29,0%	54.105	10,2%	28,8%	51,0%

* Inclúe contratos iniciais indefinidos e conversións de contratos temporais en indefinidos.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de contratos rexistrados do IGE.

Pensións

No ano 2024, no concello houbo un total de 29.946 mulleres pensionistas da Seguridade Social, o que implica o 54,9% do total, son maioría polo tanto.

A contía media das pensións das mulleres ascende a 1.309,04 euros/mes, fronte ao 1.709,25 euros dos homes: 400,21 euros ao mes de diferenza, o que supón que a brecha de xénero sexa do 23,4% (brecha similar á da media galega, o 23,3%)

Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo. Ano 2024*

	Total pensionistas	Homes		Mulleres		Diferencia € M/H(1)	Brecha (%) (2)	% Mulleres sobre total
		Nº	Importe medio	Nº	Importe medio			
Galicia	682.886	335.858	1.402,71€	347.028	1.075,64€	327,07€	23,3%	50,8%
Coruña, A	54.543	24.597	1.709,25€	29.946	1.309,04€	400,21€	23,4%	54,9%

* Último dato dispoñible. Os datos de 2025 publicaranse en xuño de 2026.

(1) Diferencia € M/H: Se o valor é positivo, significa que a cantidade correspondente ás mulleres é inferior á dos homes. Se é negativo, a interpretación é a contraria

(2) Brecha (%) = [(Mulleres – Homes) / Homes] * 100. Se o valor é positivo, significa que a cantidade correspondente ás mulleres é inferior á dos homes, na porcentaxe expresada. Se é negativo, a interpretación é a contraria

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Número de pensionistas e importe medio segundo sexos do I.G.E. Ficheiros da Seguridade Social.

ESTUDIO DO MOVEMENTO LABORAL REXISTRADO NOS CONCELLOS ENCADRADOS NA UNIÓN DE CORUÑA E CEE

DIFERENZAS ENTRE HOMES E MULLERES. ANO 2025

O ámbito de estudio son os concellos que conforman a Unión de Coruña e Cee segundo os Estatutos de UGT.

Dado a amplitude do ámbito de estudio, analízanse diferenciadamente as comarcas de:

COMARCA CORUÑA

Corresponde ás comarcas da Xunta de Galicia da Coruña, Bergantiños, Betanzos (salvo o concello de Vilasantar) e os concellos de Cerceda, Monfero e Zas.

COMARCA CEE

Corresponde ás comarcas da Xunta de Galicia de Muros, Fisterra e Terra de Soneira (excepto o concello de Zas) e os concellos de Mazaricos e Outes.

Cos datos que neste informe se detallan, amósase a desvantaxe das mulleres con respecto aos homes no mercado laboral da Unión trala análise das principais variables do mercado laboral: afiliación á Seguridade Social, paro rexistrado, contratación rexistrada e pensións

COMARCA CORUÑA

Hai en 2025 un total de 104.916 traballadoras afiliadas á Seguridade Social na comarca, menor número que o de homes, 106.089. Hai unha mellora no ano do número de persoas afiliadas tanto nos homes como nas mulleres, pero máis acusada no caso dos homes que das mulleres, 1,9% e 1,4%, respectivamente.

A participación da muller na comarca é do 49,7% do total, mellor que a do conxunto de Galicia, onde acada o 49,2%. En ambos contextos a muller ten menor presenza que os homes no mercado laboral.

Segue a mellora das cifras de desemprego na comarca, tanto nos homes coma nas mulleres compróbase que diminúen as cifras de desemprego. O desemprego diminúe un 8,5% no caso dos homes e nas mulleres tamén, pero nunha porcentaxe de contracción inferior, o 6,4%.

No ano 2025 na Comarca UGT Coruña houbo 22.876 persoas desempregadas, destas, 13.488, a maioría polo tanto, o 59%, son mulleres. Porcentaxe superior á rexistrada en Galicia (58,6%). Na propia comarca segundo sexa o concello analizado, o peso do desemprego feminino amosa fortes diferenzas, dende o 40% do concello de Monfero ate o 69,6% no concello de Laxe. No concello da Coruña, o de maior poboación da comarca, o peso é do 57,2%.

Na comarca UGT Coruña rexistráronse 167.744 contratos no ano 2025, o 49,2% a mulleres. A maioría dos contratos realizados tanto homes como a mulleres foron temporais, pero hai unha mellora considerable na contratación indefinida grazas a reforma laboral do ano 2022. Así, as porcentaxes de contratación indefinida sobre o total de contratación melloran tanto nos homes como nas mulleres no conxunto de Galicia e na comarca. Concretamente, na comarca, a porcentaxe de contratación indefinida nas mulleres pasa do 10,4% en 2021 ao 29% en 2025.

En Galicia as porcentaxes de contratación indefinida tamén melloraron considerablemente no ano 2025, tanto nos homes como nas mulleres. Nas mulleres pasa do 9,3% en 2021 ao 28,9% en 2025.

Como se comproba na Táboa 3, as porcentaxes de contratación indefinida nun ou outro sexo son moi dispares segundo sexa un ou outro o concello analizado, pero na totalidade deles a reforma laboral mellora considerablemente a contratación indefinida, unha mellor estabilidade no emprego.

Aínda que cun claro avance neste ano 2025, tanto pola melloría da actividade económica como polos positivos efectos da Reforma laboral asinada por esta organización, o mercado laboral feminino aínda segue amosando grandes debilidades para as mulleres, menor emprego, maior temporalidade e maior número de desempregadas. A loita pola igualdade no traballo, que as mulleres sexan beneficiadas na mesma medida que os homes das melloras do mercado laboral, segue sendo necesaria.

No ano 2024, último dato dispoñible, na comarca houbo 63.364 mulleres pensionistas da Seguridade Social, o que implica o 52% do total. A contía media das pensións das mulleres ascende a 1.155,90 euros mensuais, fronte a 1.500,74 euros dos homes: 344,85 euros ao mes de diferenza, o que supón que a brecha de xénero neste caso é do 23,0%. No total de Galicia a brecha nas pensións entre homes e mulleres é superior, do 23,3%.

As consecuencia das menores oportunidades das mulleres no mercado laboral trasládanse ás pensións, e de xeito alarmante, xa que hai unha forte brecha de xénero nas pensións.

Táboa 1: Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo concello de residencia

	2025			Variación % 2025/2024			% Mulleres 2025
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	1.023.690	519.712	503.978	1,3	1,2	1,4	49,2
Cabana de Bergantiños	1.419	751	668	0,4	-0,1	1,0	47,1
Carballo	12.554	6.691	5.863	1,2	1,9	0,4	46,7
Coristanco	1.955	1.056	899	-0,3	-0,4	-0,2	46,0
Laracha, A	4.793	2.541	2.252	1,7	1,0	2,4	47,0
Laxe	964	544	420	-0,1	-0,5	0,3	43,6
Malpica de Bergantiños	1.878	1.040	838	0,4	0,3	0,4	44,6
Ponteceso	1.771	982	789	-0,3	-0,6	0,0	44,6
Bergantiños	25.335	13.604	11.730	0,9	1,0	0,7	46,3
Aranga	667	368	300	0,2	-0,4	1,2	44,9
Betanzos	5.500	2.815	2.685	3,1	4,9	1,2	48,8
Coirós	723	378	345	2,2	0,8	3,9	47,7
Curtis	1.795	968	827	2,6	4,0	1,0	46,1
Irixoa	497	278	219	-1,2	0,8	-3,7	44,0
Miño	2.868	1.513	1.354	3,6	2,6	4,8	47,2
Oza-Cesuras	2.034	1.129	906	1,5	1,7	1,3	44,5
Paderne	974	523	451	4,3	4,2	4,6	46,3
Vilarmaior	488	275	214	2,0	2,2	1,8	43,8
Comarca de Betanzos*	15.546	8.246	7.300	-0,3	3,2	2,0	47,0
Abegondo	2.352	1.280	1.073	1,8	1,2	2,6	45,6
Arteixo	15.135	7.895	7.241	1,1	1,1	1,0	47,8
Bergondo	2.805	1.501	1.304	6,4	7,7	5,0	46,5
Cambre	10.955	5.531	5.424	0,4	0,1	0,8	49,5
Carral	3.067	1.614	1.453	2,8	3,8	1,7	47,4
Coruña, A	95.963	46.413	49.550	1,9	2,3	1,5	51,6
Culleredo	13.505	6.726	6.780	0,7	0,4	1,0	50,2
Oleiros	15.473	7.627	7.846	1,7	1,7	1,7	50,7
Sada	6.594	3.331	3.263	1,9	2,7	1,2	49,5
Comarca da Coruña	165.850	81.916	83.933	1,7	1,9	1,5	50,6
Cerceda	2.042	1.115	927	0,7	1,7	-0,4	45,4
Monfero	679	389	289	-2,5	-1,7	-3,7	42,6
Zas	1.554	819	736	-1,2	-1,6	-0,7	47,3
Comarca UGT Coruña	211.005	106.089	104.916	1,4	1,9	1,4	49,7

* Sen concello de Vilasantar

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo concello de residencia. Instituto Galego de Estatística.

Táboa 2: Paro rexistrado por sexos

	2025			Variación % 2025/2024			% Mulleres 2025
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	113.626	47.062	66.564	-7,7%	-8,3%	-7,3%	58,6%
Cabana de Bergantiños	116	36	80	-18,3%	-26,5%	-14,0%	69,0%
Carballo	1583	539	1044	-4,4%	-8,0%	-2,4%	66,0%
Coristanco	242	96	146	-11,0%	-11,1%	-11,0%	60,3%
Laracha, A	353	129	224	-12,6%	-10,4%	-13,8%	63,5%
Laxe	112	35	78	-14,5%	-23,9%	-7,1%	69,6%
Malpica de Bergantiños	219	81	138	-8,4%	-10,0%	-8,0%	63,0%
Ponteceso	158	60	98	-15,5%	-17,8%	-13,3%	62,0%
Comarca de Bergantiños	2.784	975	1.808	-8,2%	-11,1%	-6,5%	64,9%
Aranga	42	20	22	0,0%	0,0%	0,0%	52,4%
Betanzos	566	210	356	-4,6%	-10,6%	-0,8%	62,9%
Coirós	56	28	28	-11,1%	-12,5%	-6,7%	50,0%
Curtis	110	36	75	-13,4%	-28,0%	-3,8%	68,2%
Irixoa	43	22	22	-4,4%	-4,3%	0,0%	51,2%
Miño	256	118	139	-5,9%	-4,8%	-5,4%	54,3%
Oza-Cesuras	161	72	89	-3,6%	-6,5%	-1,1%	55,3%
Paderne	60	26	34	-6,3%	-7,1%	-5,6%	56,7%
Vilarmaior	33	14	18	-15,4%	-26,3%	-10,0v	54,5%
Comarca de Betanzos *	1.327	546	783	-6,0%	-10,2%	-2,6%	59,0%
Abegondo	162	66	96	-12,9%	-10,8%	-13,5%	59,3%
Arteixo	1.426	585	841	-8,5%	-7,7%	-9,1%	59,0%
Bergondo	258	108	150	-9,8%	-10,7%	-9,1%	58,1%
Cambre	1.069	411	658	-5,1%	-6,6v	-4,2%	61,6%
Carral	218	76	142	-9,5%	-17,4%	-4,7%	65,1%
Coruña, A	12.002	5.143	6.860	-6,9%	-7,9%	-6,1%	57,2%
Culleredo	1.358	541	818	-7,1%	-5,6%	-8,0%	60,2%
Oleiros	1.276	537	739	-8,5%	-10,9%	-6,5%	57,9%
Sada	705	284	421	-6,3%	-7,5%	-5,4%	59,7%
Comarca da Coruña	18.474	7.750	10.724	-7,1%	-8,0%	-6,5%	58,0%
Cerceda	146	52	95	-2,7%	-1,9%	-3,1%	65,1%
Monfero	35	21	14	0,0%	5,0%	-6,7%	40,0%
Zas	110	45	64	-23,6%	-21,1%	-26,4%	58,2%
Comarca UGT Coruña	22.876	9.389	13.488	-7,2%	-8,5%	-6,4%	59,0%

* Sen concello de Vilasantar

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de paro rexistrado do Instituto Galego de Estatística I.G.E.

INFORME 8 DE MARZO | 2026 A SITUACIÓN DAS MULLERES NO EIDO LABORAL
Secretaría de Igualdade UGT – Galicia

Táboa 3: Contratos rexistrados segundo tipo, xénero e localidade do centro de traballo. Ano 2025

	Total contrato s	Homes			Mulleres			% Muller
		Nº	% Indefinido* 2021	% Indefinido* 2025	Nº	% Indefinido* 2021	% Indefinido* 2025	
Galicia	735.687	376.160	10,3	32,3	359.527	9,3	28,9	48,9
Cabana de Bergantiños	295	131	23,4	51,9	164	14,2	18,9	55,6
Carballo	5.043	2.419	23,6	51,7	2.624	13,8	31,3	52,0
Coristanco	647	326	13,5	31,9	321	9,1	18,1	49,6
Laracha, A	1.484	746	9,8	45,7	738	7,0	40,0	49,7
Laxe	373	196	10,4	76,5	177	15,8	40,1	47,5
Malpica de Bergantiños	495	299	28,7	58,9	196	15,7	34,7	39,6
Ponteceso	688	419	28,0	40,6	269	12,2	34,9	39,1
Bergantiños	9.025	4.536	20,6	49,8	4.489	11,9	32,0	49,7
Aranga	160	107	17,8	60,7	53	15,0	47,2	33,1
Betanzos	3.336	1.817	9,4	39,9	1.519	10,0	30,5	45,5
Coirós	572	460	16,3	26,1	112	20,0	33,9	19,6
Curtis	1.236	641	17,8	47,0	595	21,0	29,2	48,1
Irixoa	99	69	11,9	65,2	30	7,7	63,3	30,3
Miño	861	364	13,3	26,1	497	13,9	31,8	57,7
Oza-Cesuras	578	359	14,0	32,0	219	10,8	24,7	37,9
Paderne	173	89	9,5	34,8	84	16,2	28,6	48,6
Vilarmaior	66	33	10,9	30,3	33	7,3	48,5	50,0
Comarca Betanzos **	7.081	3.939	12,7	38,3	3.142	12,7	30,9	44,4
Abegondo	3.268	1.708	8,6	14,6	1.560	11,6	11,0	47,7
Arteixo	12.715	6.060	14,5	25,9	6.655	9,6	17,3	52,3
Bergondo	5.723	3.947	12,3	33,1	1.776	7,8	38,1	31,0
Cambre	4.402	2.440	13,7	46,7	1.962	10,0	38,5	44,6
Carral	925	562	21,3	69,6	363	15,1	53,2	39,2
Coruña, A	106.142	52.037	10,9	29,0	54.105	10,2	28,8	51,0
Culleredo	7.235	4.272	14,3	39,1	2.963	11,5	34,9	41,0
Oleiros	6.126	2.830	14,4	47,1	3.296	13,1	36,4	53,8
Sada	2.191	1.078	16,2	49,8	1.113	16,9	48,3	50,8
Comarca A Coruña	148.727	74.934	11,9	31,1	73.793	10,3	28,9	49,6
Cerceda	2.353	1.441	6,9	21,9	912	4,9	18,1	38,8
Monfero	96	59	16,0	64,4	37	20,5	24,3	38,5
Zas	462	249	18,3	35,7	213	17,5	28,6	46,1
Comarca UGT Coruña	167.744	85.158	12,3	32,3	82.586	10,4	29,0	49,2

* Inclúe contratos iniciais indefinidos e conversións de contratos temporais en indefinidos.

**Sen concello de Vilasantar

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Contratación rexistrada do IGE

INFORME 8 DE MARZO | 2026 A SITUACIÓN DAS MULLERES NO EIDO LABORAL
Secretaría de Igualdade UGT – Galicia

Táboa 4: Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo. Ano 2024*

	Total	Homes		Mulleres		Diferencia en euros M/H (1)	Brecha M/H % (2)	% Mulleres
		Nº	Importe medio	Nº	Importe medio			
Galicia	682.886	335.858	1.402,71	347.028	1.075,64	327,07	23,3	50,8
Cabana de Bergantiños	1.520	763	1.005,08	757	789,99	215,09	21,4	49,8
Carballo	8.034	4.015	1.112,61	4.019	873,18	239,43	21,5	50,0
Coristanco	2.089	1.018	1.038,11	1.071	840,19	197,92	19,1	51,3
Laracha, A	3.152	1.615	1.118,64	1.537	840,09	278,55	24,9	48,8
Laxe	945	524	1.011,74	421	817,3	194,44	19,2	44,6
Malpica de Bergantiños	1.922	961	1.186,11	961	857,14	328,97	27,7	50,0
Ponteceso	1.891	1.010	1.298,92	881	899,3	399,62	30,8	46,6
Bergantiños	19.553	9.906	1.118,44	9.647	856,07	262,37	23,5	49,3
Aranga	662	333	1.204,33	329	931,82	272,51	22,6	49,7
Betanzos	3.011	1.451	1.486,45	1.560	1.068,68	417,77	28,1	51,8
Coirós	593	286	1.472,72	307	985,02	487,70	33,1	51,8
Curtis	1.178	607	1.248,87	571	948,74	300,13	24,0	48,5
Irixoa	475	221	1.272,02	254	982,26	289,76	22,8	53,5
Miño	1.476	815	1.542,04	661	1.088,89	453,15	29,4	44,8
Oza-Cesuras	1.719	882	1.291,76	837	965,84	325,92	25,2	48,7
Paderne	814	390	1.328,36	424	972,13	356,23	26,8	52,1
Vilarmaior	390	203	1.412,29	187	986,66	425,63	30,1	47,9
Comarca Betanzos **	10.318	5.188	1.391,50	5.130	1.012,12	379,38	27,3	49,7
Abegondo	1.661	850	1.337,19	811	975,35	361,84	27,1	48,8
Arteixo	6.420	3.276	1.324,58	3.144	1.019,56	305,02	23,0	49,0
Bergondo	1.897	975	1.537,23	922	1.183,04	354,19	23,0	48,6
Cambre	4.991	2.521	1.494,2	2.470	1.113,52	380,68	25,5	49,5
Carral	1.568	807	1.399,55	761	1.005,28	394,27	28,2	48,5
Coruña, A	54.543	24.597	1.709,25	29.946	1.309,04	400,21	23,4	54,9
Culleredo	5.842	2.918	1.521,56	2.924	1.148,99	372,57	24,5	50,1
Oleiros	7.509	3.717	1.657,7	3.792	1.266,74	390,96	23,6	50,5
Sada	3.904	2.012	1.526,87	1.892	1.145,98	380,89	24,9	48,5
Comarca da Coruña	88.335	41.673	1.621,85	46.662	1.245,86	375,99	23,2	52,8
Cerceda	1.557	749	1.263,94	808	890,88	373,06	29,5	51,9
Monfero	632	327	1.194,93	305	911,02	283,91	23,8	48,3
Zas	1.560	748	945,01	812	812,16	132,85	14,1	52,1
Comarca UGT Coruña	121.955	58.591	1.500,74	63.364	1.155,90	344,85	23,0	52,0

* Último dato dispoñible. Os datos de 2025 publicaranse en xuño de 2026

** Sen concello de Vilasantar

(1) Diferencia € M/H: Se o valor é positivo, significa que a cantidade correspondente ás mulleres é inferior á dos homes. Se é negativo, a interpretación é a contraria

(2) Brecha (%) = [(Mulleres – Homes) / Homes] * 100. Se o valor é positivo, significa que a cantidade correspondente ás mulleres é inferior á dos homes, na porcentaxe expresada. Se é negativo, a interpretación é a contraria

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Número de pensionistas e importe medio segundo sexos do I.G.E. Ficheiros da Seguridade Social.

COMARCA DE CEE

Hai en 2025 un total de 8.518 traballadoras afiliadas á Seguridade Social na comarca, menor número que o de homes, 9.634. No ano presenta mellor evolución do emprego o feminino, que mantén practicamente os datos do ano anterior, ao aumentar o 0,2%, xa que hai unha diminución do 0,2% no caso do emprego masculino.

A participación da muller na comarca é do 46,9% do total, inferior que a do conxunto de Galicia, onde acada o 49,2%. En ambos contextos a muller ten menor presenza que os homes no mercado laboral.

Mellora das cifras de desemprego na comarca, tanto nos homes coma nas mulleres. O desemprego diminúe un 4,1% no caso dos homes e nas mulleres a porcentaxe de contracción é incluso superior, o 10,5%.

En 2025, na comarca de Cee, de xeito máis acusado do que sucede no conxunto de Galicia, o desemprego concéntrase no colectivo feminino; de feito, das 1.815 persoas desempregadas, 1.083 son mulleres e 733 homes, é dicir, o 59,7% do total son mulleres, porcentaxe superior á rexistrada en Galicia, onde é do 58,6%. Hai unha peor posición da muller. Na propia comarca segundo sexa o concello analizado, o peso do desemprego feminino amosa fortes diferenzas, indo dende o 51,1% do concello de Outes ao 67,6% de Dumbría.

Na comarca de Cee rexistráronse 9.275 contratos no ano 2025, o 51,2% a mulleres. A maioría dos contratos realizados tanto homes como a mulleres foron temporais, pero hai unha mellora considerable na contratación indefinida grazas a reforma laboral do ano 2022. Así, as porcentaxes de contratación indefinida sobre o total de contratación melloran tanto nos homes como nas mulleres no conxunto de Galicia e na comarca. Concretamente, na comarca, a porcentaxe de contratación indefinida nas mulleres pasa do 8,6% en 2021 ao 24,4% en 2025.

En Galicia as porcentaxes de contratación indefinida tamén melloraron considerablemente no ano 2025, tanto nos homes como nas mulleres. Nas mulleres pasa do 9,3% en 2021 ao 28,9% en 2025.

Como se comproba na Táboa 3, as porcentaxes de contratación indefinida nun ou outro sexo son moi dispares segundo sexa un ou outro o concello analizado, pero na totalidade deles a reforma laboral mellora considerablemente a contratación indefinida, unha mellor estabilidade no emprego.

Aínda que cun claro avance neste ano 2025, tanto polo melloría da actividade económica como polos positivos efectos da Reforma laboral asinada por esta organización, o mercado laboral feminino aínda segue amosando grandes debilidades para as mulleres, menor emprego e maior número de desempregadas. A loita pola igualdade no traballo, que as mulleres sexan beneficiadas na mesma medida que os homes das melloras do mercado laboral, segue sendo necesaria.

No ano 2024, último dato dispoñible, na comarca houbo 8.683 mulleres pensionistas da Seguridade Social, o que implica o 48,9% do total. A contía media das pensións das mulleres ascende a 860,61 euros mensuais, fronte ao 1.124,38 euros dos homes: 263,77 euros ao mes de diferenza, o que supón que a brecha de xénero neste caso é do 23,5%. No total de Galicia a brecha nas pensións entre homes e mulleres é dúas décimas inferior, do 23,3%.

As consecuencia das menores oportunidades das mulleres no mercado laboral trasládanse ás pensións, e de xeito alarmante, xa que hai unha forte brecha de xénero nas pensións.

Táboa 1: Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo concello de residencia

	2025			Variación % 2025/2024			% Mulleres 2025
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	1.023.690	519.712	503.978	1,3	1,2	1,4	49,2
Cee	2.710	1.383	1.327	0,9	0,0	1,8	49,0
Corcubión	569	302	267	1,5	3,3	-0,4	47,0
Dumbría	943	508	435	-1,9	-0,9	-3,0	46,1
Fisterra	1.442	781	661	-0,1	-1,3	1,5	45,9
Muxía	1.411	744	667	-0,4	-2,0	1,4	47,3
Comarca de Fisterra	7.075	3.717	3.357	0,1	-0,5	0,8	47,5
Carnota	1.115	592	523	-0,4	0,3	-1,2	46,9
Muros	2.638	1.363	1.274	1,5	1,8	1,3	48,3
Comarca de Muros	3.752	1.955	1.797	0,9	1,3	0,6	47,9
Camariñas	1.491	812	679	-0,7	-1,4	0,2	45,5
Vimianzo	2.408	1.310	1.097	-0,4	-0,7	0,0	45,6
Terra de Soneira (sen Zas)	3.899	2.123	1.776	-0,5	-1,0	0,1	45,6
Mazaricos	1.348	730	618	-1,0	-0,2	-2,0	45,8
Outes	2.079	1.110	969	-0,4	0,1	-1,0	46,6
Comarca UGT Cee	18.153	9.634	8.518	0,0	-0,2	0,2	46,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo concello de residencia. Instituto Galego de Estatística.

Táboa 2: Paro rexistrado por sexos

	2025			Variación % 2025/2024			% Mulleres 2025
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	113.626	47.062	66.564	-7,7	-8,3	-7,3	58,6
Cee	322	114	209	-4,2	3,6	-7,5	64,9
Corcubión	70	32	38	-7,9	-8,6	-7,3	54,3
Dumbría	108	35	73	-10,0	-10,3	-8,8	67,6
Fisterra	164	69	95	-10,9	-2,8	-15,9	57,9
Muxía	125	54	72	-15,5	-11,5	-17,2	57,6
Comarca de Fisterra	790	303	487	-8,7	-4,1	-11,1	61,6
Carnota	137	61	76	-4,2	-1,6	-6,2	55,5
Muros	240	115	125	-11,8	-5,7	-16,7	52,1
Comarca de Muros	377	176	202	-8,9	-3,8	-12,6	53,6
Camariñas	210	69	140	-3,2	-4,2	-3,4	66,7
Vimianzo	187	68	119	-3,6	0,0	-6,3	63,6
Terra de Soneira (sen Zas)	397	137	259	-3,4	-2,1	-4,8	65,2
Mazaricos	77	32	46	-6,1	-5,9	-4,2	59,7
Outes	174	85	89	-13,4	-6,6	-19,8	51,1
Comarca UGT Cee	1.815	733	1.083	-8,0	-4,1	-10,5	59,7

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de paro rexistrado do Instituto Galego de Estatística IGE

Táboa 3: Contratos rexistrados segundo tipo de contrato, xénero e localidade do centro de traballo.

Ano 2025	TOTAL	Homes			Mulleres			% Muller 2025
		Nº	% Indefinidos*		Nº	% Indefinidos*		
			2021	2025		2021	2025	
Galicia	735.687	376.160	10,3	32,3	359.527	9,3	28,9	48,9
Cee	1.227	500	13,2	40,2	727	8,9	29,0	59,3
Corcubión	227	88	10,3	34,1	139	7,5	24,5	61,2
Dumbría	297	151	16,6	37,7	146	4,1	24,0	49,2
Fisterra	822	414	10,3	46,1	408	9,2	31,9	49,6
Muxía	720	413	15,0	60,3	307	6,7	25,4	42,6
Comarca de Fisterra	3.293	1.566	13,2	46,5	1.727	8,1	28,3	52,4
Carnota	1.410	565	3,0	11,5	845	2,3	3,4	59,9
Muros	1.114	567	22,7	46,9	547	9,6	35,3	49,1
Comarca de Muros	2.524	1.132	11,4	29,2	1.392	4,5	15,9	55,2
Camariñas	757	431	24,4	65,4	326	14,9	42,0	43,1
Vimianzo	1.121	582	17,9	43,1	539	11,5	26,5	48,1
Terra de Soneira **	1.878	1.013	20,6	52,6	865	12,5	32,4	46,1
Mazaricos	411	249	23,4	73,5	162	20,2	48,8	39,4
Outes	1.169	564	17,0	27,3	605	11,1	14,7	51,8
Comarca UGT Cee	9.275	4.524	15,6	42,6	4.751	8,6	24,4	51,2

* Inclúe contratos iniciais indefinidos e conversións de contratos temporais en indefinidos.

** Sen concello de Zas

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de contratos rexistrados do IGE

Táboa 4: Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo. Ano 2024*

	Total	Homes		Mulleres		Dif. € H/M ⁽¹⁾	Brecha % ⁽²⁾	% Mulleres
		Nº	Importe medio	Mulleres	Importe medio			
Galicia	682.886	335.858	1.402,71	347.028	1.075,64	327,07	23,3	50,8
Cee	1.979	1.056	1.321,03	923	928,73	392,30	29,7	46,6
Corcubión	427	233	1.459,33	194	988,81	470,52	32,2	45,4
Dumbría	961	484	1.227,47	477	893,79	333,68	27,2	49,6
Fisterra	1.381	815	1.208,61	566	879,0	329,61	27,3	41,0
Muxía	1.482	773	999,65	709	836,81	162,84	16,3	47,8
Comarca de Fisterra	6.230	3.361	1.215,97	2.869	894,45	321,52	26,4	46,1
Carnota	1.428	692	1.145,07	736	917,44	227,63	19,9	51,5
Muros	2.554	1.329	1.282,0	1.225	926,29	355,71	27,7	48,0
Comarca de Muros	3.982	2.021	1.235,12	1.961	922,97	312,15	25,3	49,2
Camariñas	1.721	916	1.005,44	805	819,85	185,59	18,5	46,8
Vimianzo	2.257	1.122	923,27	1.135	774,64	148,63	16,1	50,3
Terra de Soneira **	3.978	2.038	960,2	1.940	793,4	166,80	17,4	48,8
Mazaricos	1.494	656	910,6	838	805,87	104,73	11,5	56,1
Outes	2.072	997	1.067,43	1.075	820,49	246,94	23,1	51,9
Comarca UGT Cee	17.756	9.073	1.124,38	8.683	860,61	263,77	23,5	48,9

* último dato dispoñible. Os datos de 2025 publicaranse en xuño de 2026

** Sen concello de Zas

(1) Diferencia € M/H: Se o valor é positivo, significa que a cantidade correspondente ás mulleres é inferior á dos homes. Se é negativo, a interpretación é a contraria

(2) Brecha (%) = [(Mulleres – Homes) / Homes] * 100. Se o valor é positivo, significa que a cantidade correspondente ás mulleres é inferior á dos homes, na porcentaxe expresada. Se é negativo, a interpretación é a contraria

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Número de pensionistas e importe medio segundo sexos do I.G.E. Ficheiros da Seguridade Social.

TOTAIS UNIÓN DE CORUÑA E CEE

Táboa 1: Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral segundo concello de residencia

	2025			Variación % 2025/2024			% Mulleres 2025
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	1.023.690	519.712	503.978	1,3	1,2	1,4	49,2
Unión	229.157	115.723	113.434	1,3	1,7	1,3	49,5

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia do afiliado. Instituto Galego de Estatística.

Táboa 2: Paro rexistrado por sexos

	2025			Variación % 2025/2024			% Mulleres 2025
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
Galicia	113.626	47.062	66.564	-7,7	-8,3	-7,3	58,6
Unión	24.691	10.122	14.571	-7,3	-8,2	-6,7	59,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de paro rexistrado do Instituto Galego de Estatística IGE

Táboa 3: Contratos rexistrados segundo tipo de contrato, xénero e localidade do centro de traballo. Ano 2025

	TOTAL	Homes			Mulleres			% Mulleres
		Nº	% Indefinidos* 2021	% Indefinidos* 2025	Nº	% Indefinidos* 2021	% Indefinidos* 2025	
Galicia	735.687	376.160	10,3	32,3	359.527	9,3	28,9	48,9
Unión	177.019	89.682	12,5	32,8	87.337	10,3	28,8	49,3

* Inclúe contratos iniciais indefinidos e conversións de contratos temporais en indefinidos.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de contratos rexistrados do IGE

Táboa 4: Número de pensionistas e importe medio segundo o sexo. Ano 2024*

	Total	Homes		Mulleres		Diferencia € M/H (1)	Brecha % (2)	% Muller
		Nº	Importe medio	Nº	Importe medio			
Galicia	682.886	335.858	1.402,71	347.028	1.075,64	327,07	23,3	50,8
Unión de Coruña e Cee	139.711	67.664	1.450,28	72.047	1.120,31	329,97	22,8	51,6

(1) Diferencia € M/H: Se o valor é positivo, significa que a cantidade correspondente ás mulleres é inferior á dos homes. Se é negativo, a interpretación é a contraria

(2) Brecha (%) = [(Mulleres – Homes) / Homes] * 100. Se o valor é positivo, significa que a cantidade correspondente ás mulleres é inferior á dos homes, na porcentaxe expresada. Se é negativo, a interpretación é a contraria

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de Número de pensionistas e importe medio segundo sexos do I.G.E. Ficheiros da Seguridade Social.